



## BASES

### CONCURSO-DESFILE INFANTIL DE ENTROIDO 2016

1º.- O Concello de Marín, a través da Concellería de Cultura publica as bases para a participación no Desfile- Concurso infantil que se vai celebrar o sábado 06.02.2016 a partir das 16:30h.

2º.- A inscrición terá lugar no “Palco da Música” entre as 15:30 h e as 16:15 h.

3º.- A concentración dos/as participantes, despois da inscrición, desfilará polas seguintes: rúa Real, praza do Reloxo, rúa do Sol, Dr. Touriño, avda. Jaime Janer, para rematar de novo na Alameda Rosalía de Castro.

4º.- Poderán participar todos os/as nenos/as, nados a partir do ano 2001, é dicir que teñan 14 anos. Non se poderán inscribir en máis dunha categoría. Todas as persoas maiores de 14 anos que desfilaren quedarán excluídas da avaliación do xurado.

5º.- A participación no desfile-concurso infantil dá por suposto a aceptación destas bases.

6º.- Os/as acompañantes dos/as nenos/as deberán ir disfrazados. Non poderá ir máis dunha persoa adulta por cada 4 nenos/as.

7º.- A comisión do Entroido, ou as persoas nas que delegar, terán a potestade de *descualificar a calquera participante* de calquera categoría se rematado o desfile se demostrara que incumpriu algunha das bases.

### 8º.- A contía dos premios é a seguinte:

PREMIOS	INDIVIDUAL	PARELLAS	GRUPOS
1º	60 €	110 €	160 €
2º	50€	85 €	110 €
3º	40 €	60 €	85 €
4º	30 €	50 €	75 €
5º	---	----	50 €

O importe máximo a repartir, agás a contía das comparsas, será de 965,00 €.

9º.- Os/as gañadores/as recollerán o premio ao ser chamados, coa mesma vestimenta pola que foron premiados/as e co número de inscrición,

10º.- Os criterios de puntuación de 0 a 5 puntos son:

- Orixinalidade
- Vestuario
- Actitude

11º.- O XURADO poderá descualificar aquelas persoas ou grupos que non cumpran as normas ao longo do percorrido do desfile. Estas descualificacións serán comunicadas aos interesados por persoas da organización debidamente acreditadas.

As decisións tomadas polo xurado serán inapelables.



### Contías fixas para comparsas:

- 225,00€ por participar no desfile do sábado
- 100,00€ por participar no desfile de adultos.

O importe máximo a repartir será de 6500 €, polo que non poderán participar máis de primeiras 20 comparsas inscritas.

Este ano, ao finalizar a entrega de premios, entregaranse tres premios especiais as tres mellores comparsas cunhas unha contías de 200 €, 150€ e 100€ respectivamente, tendo en conta o vestiario e a animación. De seguido, subirán a recoller os premios e a interpretar unha canción cada unha das comparsas premiadas.

### As comparsas poderán acollerse as contías fixas se cumpriren cos seguintes requisitos.

- a) Todas as comparsas estarán integradas, alomenos, por 20 nenos/as.
- b) Interpretarán cancións acompañadas de calquera tipo de instrumento, con ritmo e coreografía.
- c) Os/as seus compoñentes deberán ser en máis dun 60 % naturais ou censados en Marín, polo que farán constar os nomes e apelidos na ficha de inscrición que se facilita no Museo Municipal Manuel Torres.
- d) A ficha de inscrición presentarase no Museo Municipal Manuel Torres antes do martes día 2 de febreiro ás 14.00h, asemade, achegarán copia das composicións (letras e cancións).

- e) Concentraranse na alameda o sábado 6 de febreiro entre as 15.30 h e as 16.00 h.

## CLIMATOLOXÍA

**No caso de previsión climatolóxica adversa suspenderíase o desfile, non obstante, as comparsas inscritas reibirán unha axuda por unha contía de 100,00 €.**

Para máis información no Museo Municipal M. Torres, tfno.: 986 881 186 .

Correo E. : [museo.torres@concellodemarin.es](mailto:museo.torres@concellodemarin.es).

E na páx Web: [www.concellodemarin.es](http://www.concellodemarin.es)